

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA (CSAG), PARA A REALIZACIÓN DUNHA SERIE DE PROGRAMAS SOBRE O SECTOR PESQUEIRO E IGUALMENTE A DIFUSIÓN DE INFORMACIÓNS DIARIAS SOBRE A ACTUALIDADE DO SECTOR, NO ANO 2026**

*En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital*

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona Marta Villaverde Acuña, conselleira do Mar, nomeada polo Decreto 35/2025, do 4 de xuño, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra banda, dona María de la Concepción Pombo Romero, directora xeral da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, C.I.F. A-15073349, actuando no seu nome e representación, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 11 de xullo de 2025 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 38 da Lei 1/2025, de 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, e polo artigo 25 dos estatutos sociais.



## EXPOÑEN

**Primeiro.** Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.

**Segundo.** Que a Consellería do Mar pon o seu interese en aplicar as fórmulas posibles que redunden na mellora do sector co obxectivo de facer destas actividades un sector produtivo de primeiro orde, capaz de proporcionar ás xentes que viven del unha maior calidade de vida e un alto grao de profesionalidade. Unha desas accións é a de impulsar todo aquilo que signifique estudo, información e documentación sobre a preservación e explotación racional dos recursos e cumprimento das normas de seguridade e supervivencia no mar, así como a promoción dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura, presentando as distintas posibilidades de aproveitamento dos mesmos e procurando a busca de novas saídas comerciais.

**Terceiro.** Que determinadas prácticas ilegais como poden ser o furtivismo ou a comercialización clandestina dos produtos do mar, supoñen un grave atranco para acadar a necesaria preservación dos recursos e a racionalización da súa explotación.

**Cuarto.** Que a divulgación das razóns científicas e técnicas que inspiran a normativa existente para posibilitar a explotación racional dos recursos contribuiría dun xeito significativo á desexada sensibilización social e, polo tanto, a superar a situación descrita.

**Quinto.** Que, asemade, existen cuestións como o debido respecto ás normas de seguridade a bordo, as precaucións que deben tomarse no exercicio destas actividades ou as condicións sanitarias e o manipulado dos produtos do mar, que é necesario difundir para que cheguen ao coñecemento da xente do mar e da sociedade en xeral.

**Sexto.** Que a Consellería do Mar considera á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), por razón do seu alto grao de audiencia nas zonas costeiras e a súa raizame na sociedade galega, un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados co sector pesqueiro en xeral e a promoción dos seus produtos, e que por este medio considérase de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta á pesca galega.



**Sétimo.** Que a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG), ten o interese e deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acaden unha formación integral dos galegos na importancia que ten o sector pesqueiro e a súa conservación, así como o uso axeitado do medio mariño.

**Oitavo.** Que dentro deste mutuo interese, pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) e a Consellería do Mar, e ao obxecto de procurar de modo conxunto o desenvolvemento das accións necesarias neste interese común, formalízase este convenio de colaboración co obxecto da realización dunha serie de programas televisivos emitidos baixo o nome ou lema de "VIVIR O MAR", campaña que gozou dunha grande aceptación polo público en xeral, e podéndose ampliar o ámbito de emisión a máis espazos, como informativos de carácter rexional nos que se pode incluír, diaria ou semanalmente, información que a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) ten interese en difundir como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe e outros. A consellería achegará os datos necesarios para a elaboración dos guións de información por parte da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

**Noveno.** O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desta prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan o de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.

O programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España", contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 a través da "mellora da



comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas”, apoiar accións de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, a apertura de novos mercados e a consolidación dos xa existentes. En concreto, contéplase apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible, así como proxectos de comunicación e promoción co obxecto de avaliar e planificar campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca, a acuicultura e a cadea mar-industria ou a busca de novos mercados.

Deste xeito o Programa apoia, entre outras moitas accións relacionadas, potenciar o coñecemento da actividade pesqueira e acuícola.

Polo tanto, o obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custes, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) N.º 2021/1139, de 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, dado que o beneficiario da operación é un organismo público, a porcentaxe do investimento elixible é do 100% e, en aplicación do seu artigo 40, a porcentaxe de cofinanciamento polo FEMPA é do 70 %.

A acción a realizar non garda relación co funcionamento do mercado interior no sentido ao que se refire a comunicación interpretativa da Comisión (2006/C179/02), xa que polo exposto queda perfectamente xustificado que o obxecto do convenio non encerra, potencialmente, interese para os operadores económicos doutros estados membros, pola súa escasa incidencia económica.



**Décimo.** A tramitación do expediente é ordinaria e anticipada de gasto, e a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, que establece a posibilidade de tramitar anticipadamente expedientes de gasto. Existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026, aprobado o 17 de outubro de 2025 polo Consello da Xunta e xustifícase porque é necesario empezar coas actuacións recollidas no presente convenio nos primeiros meses de 2026.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente Convenio de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración técnica e financeira para a realización dunha serie de programas sobre o sector pesqueiro e igualmente para a difusión de informacións diarias sobre a actualidade do sector; en especial no que respecta aos desembarcos de produtos pesqueiros que son realizados nos principais portos galegos e as súas cotizacións.

A liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos corresponderá á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

### **SEGUNDA. OBXECTIVOS DOS PROGRAMAS QUE SON OBXECTO DO CONVENIO**

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) comezará, trala entrega pola Consellería do Mar da documentación precisa para a elaboración dos guións establecidos na cláusula terceira (3ª) do presente convenio, a realización dunha serie de programas documentais orientados á consecución dos seguintes obxectivos:



- a) Información e difusión dos distintos planos que conforman a política da Consellería do Mar na presente legislatura en relación coa preservación dos recursos mariños e a súa explotación racional, así como a seguridade a bordo e a supervivencia no mar.
- b) Difusión da información que contribúa á mellora e racionalización das canles de comercialización dos produtos do mar e a súa manipulación, así como á súa promoción cara ao fomento do seu consumo.
- c) Achegamento á realidade do traballo e á vida cotiá das xentes do mar de Galicia.

En xeral, transmitir calquera tipo de información e coñecementos considerados de importancia en relación co noso sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) comprométese:

- 1.- Á elaboración do programa ou programas nos que se emitirá/n os contidos de interese xeral para as xentes do mar.
- 2.- Á emisión da dita serie, a razón de un (1) programa semanal, de marzo a xuño e setembro - decembro, cunha duración de entre vinte e cinco - trinta minutos (25'-30') e nunha franxa horaria que garanta un alto nivel de audiencia e repercusión, así como á eventual produción e emisión de programas monográficos dedicados a mostrar aspectos concretos do traballo e vida cotiá de determinados sectores do noso mar. Nos meses de xuño e xullo emitiranse reposicións de programas feitos.
- 3.- Á emisión nos informativos de carácter rexional, información diaria ou semanal como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe, feiras e outros.
- 4.- Á cesión ou ao aproveitamento do material gráfico elaborado por "Vivir o mar" para uso da Consellería do Mar en promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno a Consellería do Mar, enviándolle copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado, e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.



As devanditas producións, nos seus títulos de crédito, farán constar "Imaxes cedidas por Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG)".

Con carácter previo á reprodución que se autoriza nesta cláusula, a Consellería do Mar solicitaralle á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto.

A Consellería do Mar poderá solicitar copias dos programas emitidos en formato DVD.

5.- Finalmente, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) asume a obriga de facer constar a colaboración da Xunta de Galicia - Consellería do Mar na dita produción, así como a participación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura – FEMPA; dun xeito claro e visible.

A Consellería do Mar comprométese:

- 1.- Á achega, como máximo, das cantidades que figuran na cláusula cuarta do presente convenio, para levar a cabo o obxecto do mesmo.
- 2.-A orientar e facilitar toda canta información sexa necesaria para a boa realización dos programas obxecto do convenio.

### **TERCEIRA. GUIÓNS E PRODUCCIÓN DA SERIE DE PROGRAMAS**

A Consellería do Mar facilitaralle á Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) a documentación e mailo asesoramento necesario para a elaboración dos guións que compoñen os distintos espazos obxecto de emisión. Asemade, a consellería outorgará autorización para traducir ou subtitular os guións resultantes a calquera lingua. Estes dereitos serán cedidos para todo o mundo e polo tempo máximo previsto na lexislación reguladora da cesión de dereitos para a protección e utilización dos mesmos.

Os medios técnicos e humanos necesarios para a gravación e produción desta serie de espazos, serán por conta da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG).

### **CUARTA. CONDICIÓNS ECONÓMICAS**



Para a colaboración nos gastos de produción dos distintos programas e nos orixinados pola infraestrutura creada para a consecución da devandita información diaria, e como compensación dos gastos nos que incorre a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) para a realización do obxecto do convenio, a Consellería do Mar aportará á mesma ata un máximo de cen mil euros (100.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.723B.640.0, do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

O importe deste contravalor pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado.

Para a realización das accións obxecto deste convenio, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) contribuirá cun máximo de cen mil euros (100.000,00€), achega na que se poderán consignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizarse de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060 pola que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTJ e FEMPA, serán elixibles os custes indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custes directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que a execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada unha das partes asinantes deberán



asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente se incorran, coa excepción de que a comisión de seguimento creada na cláusula sétima emita outro ditame.

A tramitación do expediente é ordinaria e anticipada de gasto e a eficacia deste convenio queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001 e existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026, aprobado o 17 de outubro de 2025 polo Consello da Xunta, e xustifícase porque é necesario empezar coas actuacións recollidas no presente convenio nos primeiros meses de 2026.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiáveis, nun 70 %, co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMPA: 2.2.2. Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras, prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021 / 1139. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

#### **QUINTA. OBRIGAS**

A aportación da Consellería do Mar será abonada previa a xustificación suficiente da realización das accións obxecto do convenio, mediante a presentación, antes do 20 de decembro de 2026, da seguinte documentación:

- Factura desagregada expedida pola Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) , onde figure un detalle dos gastos realizados con importes dirixida a Consellería do Mar e de certificacións do responsable de emisións da TVG das datas e horas de emisión de cadanseu programa. Estas facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
- Dúas (2) copias dos programas en formato DVD ou ligazón na web onde estean aloxados os programas.



- Certificacións expedidas por cadansúa administración, que acrediten que a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes coa Xunta de Galicia.
- Memoria descritiva da realización do obxecto do convenio, así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abrangue todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais, deberá aportar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados ao máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos ás facturas e demais xustificantes de gastos aportados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.

## **SEXTA. RÉXIME DE PERSOAL**

A sinatura deste convenio non leva consigo relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Consellería do Mar, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou consecuencias acaecidas no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incurrir a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) nas súas relacións cos traballadores aos que lles encomende a realización do traballo.

## **SÉTIMA. SEGUIMENTO**

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado no presente convenio créase a comisión de seguimento do mesmo, que estará composta polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ou persoa en que delegue, en representación da Consellería do Mar, e polo director dos Servizos Informativos e mailo director técnico da serie de programas, en representación da



Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG) . Esta comisión reunirse cando así o solicite unha das partes e será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

### **OITAVA. VIXENCIA**

A vixencia do presente convenio estenderase desde a data de sinatura do mesmo ata o 30 de decembro de 2026.

O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio será causa suficiente para a súa denuncia. Neste caso, feita a mesma por calquera das partes, quedará en suspenso a actividade obxecto do convenio e, polo tanto, das respectivas obrigas, sen que isto orixine unha ampliación do prazo convido.

### **NOVENA. RESOLUCIÓN**

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

### **DÉCIMA. CARACTER DO CONVENIO**

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do presente convenio é ordinaria e anticipada de gasto, e a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, tendo en conta o disposto na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola do 25 de outubro de 2001, que establece a posibilidade de tramitar anticipadamente expedientes de gasto. Existe crédito previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026, aprobado o 17 de outubro de 2025 polo Consello da Xunta e xustifícase porque é necesario empezar coas actuacións recollidas no presente convenio nos primeiros meses de 2026.





## **UNDÉCIMA. LITIXIOS.**

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula sétima anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

## **DUODÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA**

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e máis no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Conselleira do Mar

A Conselleira do Mar

Pola Corporación de Servizos  
Audiovisuais de Galicia (CSAG).

A directora xeral

Marta Villaverde Acuña

María Concepción Pombo Romero

